9 de novembro de 2022

asociación de mujeres cineastas y de medios audiovisuales
cima
Cátedra de Feminismos 4.0
DEPO - UVigo
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
Universidade de Vigo

O 9 de novembro ás 17:00 h a delegación en Galicia da Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA) e a Cátedra de Feminismos 4.0, impulsada pola Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo, presentarán tres vídeos que destacan as principais conclusións do estudo «A representatividade e re-presentación das mulleres no audiovisual galego».

Na apertura do acto participará o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Joaquín Reigosa Roger, a decana da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Emma Torres-Romay, e a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

Posteriormente, a directora da Unidade de Igualdade da UVigo, Águeda Gómez, presentará e dará paso a Mariana Carballal, coordinadora e Amada Traba, autora da investigación. Tamén se celebrará un debate e unha quenda de preguntas para a participación do público.

A presentación terá lugar no salón de Graos (3º andar) da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (Campus A Xunqueira, S/N, 36005 Pontevedra).

Tamén se poderá seguir en liña a través da canle Directo 1 da UVigo TV:
https://bit.ly/Streaming_CIMA2022

Sobre os vídeos e o estudo



A Cátedra de Feminismos 4.0 apoiou a realización de tres vídeos que serven para divulgar as principais conclusións do estudo «A representatividade e re-presentación das mulleres no audiovisual galego», elaborado pola Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA).

Este informe, que agora se comunica a través de breves píldoras audiovisuais, busca impulsar a investigación con perspectiva de xénero sobre a realidade audiovisual en Galicia. Todos os datos recollidos son desagregados por sexo, para captar as posibles fendas de xénero existentes que marcan a situación das mulleres no sector.

Entre outros aspectos, analiza a situación das mulleres nos postos de representatividade, ademais de indagar nos roles e vínculos representados, empregando a análise de contido.

Sobre as relatoras

Na presentación participarán dúas das autoras do estudo: Mariana Carballal e Amada Traba. A continuación, incluímos unha breve descrición do seu perfil profesional.

Mariana Carballal

Mariana Fernández, de nome artístico Mariana Carballal, é docente, directora de cine, teatro, televisión e activista pola igualdade de xénero na cultura. Actualmente traballa como profesora de Interpretación na Escola Superior de Arte Dramática (ESAD de Galicia, de Dirección en Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo, e de Interpretación na Universidade do Minho (Portugal).

Recibiu o «Premio Galicia en Feminino», concedido pola Xunta de Galicia en recoñecemento á súa contribución á visibilidade das mulleres nas artes, e os premios de honra «Xociviga» e «Mácara de Teatro», en recoñecemento á súa carreira profesional.

Amada Traba

Dende 1997 é docente na Universidade de Vigo, onde imparte a materia de Socioloxía da Educación nos graos de Educación Infantil e de Primaria. Leva case trinta anos de participación en numerosas actividades de formación en igualdade con perspectiva de xénero. Tamén foi investigadora en dous proxectos da Cátedra de Feminismos 4.0 da Universidade de Vigo, así como nun proxecto EQUAL.

No ámbito das políticas de igualdade é coautora da primeira «Diagnose da igualdade na Universidade de Vigo» (2010) e das bases para o deseño do «I plan de Igualdade da Universidade de Vigo» (2011). Foi colaboradora, en varias ocasións, da Concellería da Muller do Concello de Vigo, coordinando a diagnose para o «Primeiro Plan de Igualdade das Mulleres da cidade».

Entidades promotoras

*A **Deputación de Pontevedra**, xunto coa **Universidade de Vigo**, teñen como obxectivo, a través da creación da **Cátedra de Feminismos 4.0**, promover a igualdade, a non discriminación e accesibilidade universal das mulleres no ámbito das actuais sociedades da información. En concreto, a promoción e o impulso de actividades de investigación e innovación feminista en todos os ámbitos do coñecemento, priorizando os estudos relacionados coa dixitalización actual da sociedade e o ámbito das STEM (siglas en inglés de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), onde as mulleres están infrarrepresentadas e resulta un espazo cada vez máis relevante nas sociedades do futuro.*

Máis información en: **Unidade de Igualdade - Universidade de Vigo**
Tfno.: 986 813 419 - igualdade@uvigo.gal

www.catedrafeminismos.gal